



## ACTIVIDADES PREVISTAS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DÍA MUNDIAL DE HIXIENE DAS MANS (5 DE MAIO 2021) NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Este ano o lema da campaña é “Segundos que salvan vidas. Limpa as túas mans”.

O obxectivo principal da campaña é concienciar da necesidade de aplicar a práctica de hixiene das mans, co fin de contribuír a reducir as infeccións asociadas á asistencia sanitaria e de previr a propagación de microorganismos multirresistentes.

Neste ano 2021 e desde o inicio da pandemia causada polo SARS-CoV-2, a hixiene de mans adquiriu unha maior visibilidade como medida preventiva esencial fronte a ese virus. Con todo, aínda queda unha importante oportunidade de mellora en canto a adherencia dos profesionais a esta medida. Así, é preciso insistir na relevancia de efectuar a hixiene das mans, cunha técnica correcta, nos momentos adecuados (os 5 momentos) e restrinxir o uso de luvas para as tarefas nas que son imprescindibles, cambiándoas segundo as pautas establecidas e recordando que o seu emprego nunca substitúe a unha adecuada hixiene das mans.

### 1. CONSELLERÍA DE SANIDADE / SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Publicouse na intranet e na web da Consellería de Sanidade, información sobre a Xornada Mundial de Hixiene das Mans 2021, tanto dirixida a profesionais sanitarios como á poboación, e os recursos dispoñibles para ser utilizados polos centros (Servizo Galego de Saúde, Ministerio de Sanidade, Organización Mundial da Saúde, Centro para o Control e Prevención de Enfermidades dos Estados Unidos (CDC), á que se pode acceder a través do seguinte enlace:

<https://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/5-de-Maio-2021-Celebracion-do-Dia-Mundial-da-Hixiene-das-Mans>

Incluirase tamén no carrusel da páxina principal da web, unha imaxe da conmemoración deste día, ademais de incorporalo no apartado de Novidades. Na intranet, aparecerá no apartado de Destacados.

Publicarase na portada principal de Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento (ACIS), información destacada sobre a conmemoración deste día, así como o recordatorio do curso online de autoformación “Hixiene das mans” dispoñible na súa plataforma de formación.





O Director Xeral de Asistencia Sanitaria do SERGAS enviaralles un correo electrónico a todos os profesionais do SERGAS, o día 5 de maio, para lembrarlles a importancia de realizar unha correcta hixiene de mans nos 5 momentos adecuados, que recolle a estratexia da OMS.

Facilitarase o acceso á información sobre hixiene de mans a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, de e-Saúde e no portal de Xente con Vida.

## 2. ÁREAS SANITARIAS

### 2.1 ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

#### Información para os traballadores da área sanitaria

- Colocación de carteis e pósters en todas a unidades hospitalarias da área sanitaria e zonas comúns.
- Envío dun correo electrónico aos traballadores da lista global da área sanitaria no que se informará da celebración do Día Mundial de Hixiene das Mans e da súa importancia, acompañado do póster da xornada co lema “Segundos que salvan vidas. Limpas as túas mans”.
- Remitirase unha carta divulgativa aos profesionais sanitarios o 5 de maio.
- Publicarase o 5 de maio, un vídeo na intranet de toda a área sanitaria coa técnica correcta de hixiene de mans e acceso á información da campaña, dos 5 momentos da hixiene das mans e da súa técnica.
- Remitirase desde a Dirección de Atención Primaria un correo electrónico a todos os servizos de atención primaria coa información da campaña e os pósters.
- Incluirase o enlace e información ás *webinars* da OMS con motivo da Campaña de Hixiene das Mans 2021, accesible aos profesionais.





## Información para a poboación e para as asociacións de pacientes da área sanitaria

- Habilitarase un acceso á páxina web do hospital con información da campaña de hixiene das mans: vídeo coa técnica correcta de hixiene das mans e a súa importancia, destinado á poboación xeral.
- Usaranse as pantallas de información das salas de espera dos pacientes para difundir vídeos divulgativos da técnica de hixiene das mans.
- Remitirase un correo ás asociacións de pacientes membros do Consello Asesor de Paciente da área sanitaria, no que se lles informará sobre o Día Mundial de Hixiene das Mans e que incluírá un enlace á páxina web onde poden informarse sobre a técnica correcta de hixiene das mans.

## 2.2 ÁREA SANITARIA DE FERROL

As actividades que se van desenvolver son:

- Promover a participación dos nenos hospitalizados con debuxos a propósito da hixiene das mans, que se publicarán na intranet durante a semana do 3 ao 9 de maio.
- Promover a participación dos fillos dos traballadores da área sanitaria con debuxos a propósito da hixiene das mans, que se publicarán na intranet e nun taboleiro no Hospital Universitario Arquitecto Marcide.
- Entre os días 30 de abril e 4 de maio, realizarase unha conta atrás (5, 4, 3, 2, 1) en todos os fondos de pantalla dos ordenadores sen descubrir o acontecemento que se vai anunciar.
- Realizar demostracións na diferentes unidades / servizos do hospital, con solución marcadora e lámpada negra por parte da enfermeira do Servizo de Medicina Preventiva e a supervisora de Esterilización e Infección Nosocomial.
- Gravar un vídeo, coa participación de distintos colectivos da área sanitaria, afondando na necesidade de fomentar a correcta hixiene das mans, que se publicará na intranet, páxina web e redes sociais do centro.



- Instalar como fondo de pantalla en todos os ordenadores, un cartel sobre a hixiene das mans e os seus 5 momentos, desde o día 3 ata o día 9 de maio.
- Facilitar o acceso desde a intranet a vídeos demostrativos dunha correcta técnica de lavado de mans e uso de solución hidroalcohólica.
- Realizar un *mailing* á totalidade do persoal da Área Sanitaria de Ferrol, seguindo como modelo a carta institucional da Consellería de Sanidade e as directrices das OMS.
- Reproducir en bucle os días 4 e 5 de maio, en todas as pantallas de quendas da área sanitaria (consultas do Hospital Universitario Arquitecto Marcide; Centros de Saúde Fontenla Maristany, Narón e Fene; Cita Previa e Hospitais de Día) vídeos promocionando a hixiene das mans, a fin de que todas as persoas poidan visualizalos.
- Incorporar información institucional e vídeos en bucle na canle privada das televisións dos pacientes hospitalizados, durante a semana do 3 ao 9 de maio.
- Realizar un *mailing* a todos os centros sociosanitarios do ámbito territorial da área sanitaria, con recomendacións e enlaces a recursos sobre a técnica para realizar unha correcta hixiene das mans en atención á situación actual de pandemia polo coronavirus.
- Realizar un *mailing* á totalidade das asociacións de pacientes da área sanitaria, con recomendacións e enlace a recursos sobre a técnica para realizar unha correcta hixiene de mans en atención á situación actual de pandemia polo coronavirus.
- Na semana do 3 ao 9 de maio, o persoal de enfermaría do Servizo de Medicina Preventiva organizará sesións intraunidade, de 10-15 minutos, onde explicarán o lavado adecuado de mans e o uso correcto de solución hidroalcohólica.
- O día 5 de maio realizarase unha sesión formativa en *streaming* para todos os profesionais da área sanitaria sobre a correcta técnica de hixiene das mans e os seus 5 momentos.
- Divulgar nos medios de comunicación a importancia de hixiene das mans.





### 2.3 ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA

As actividades terán un carácter transversal e incluírán a todos os hospitais e aos principais centro de saúde da área sanitaria.

- Publicitar o Programa de hixiene das mans có compromiso e a colaboración entre os servizos de Medicina Preventiva e Calidade e mailo Gabinete de Prensa.
- Publicar nunha localización destacada na páxina principal da intranet da área sanitaria como *banner*, o cartel de hixiene de mans do ano 2021, en colaboración coa Subdirección de Informática.
- Proxectar vídeos sobre a hixiene das mans nas pantallas da entradas principais dos hospitais da área sanitaria, salas de espera de pacientes e hospitais de día.
- Remitir un correo aos profesionais sanitarios coa información da xornada e o enlace ao Curso de Hixiene de Mans na Atención Sanitaria (código 218367), organizado a través de ACIS.
- Realizar sesións rápidas, duns 10' de duración, no lugar de traballo (sesión-café) sobre lavado das mans e o uso adecuado de guantes nas unidade de hospitalización, actividade que se realizará ao longo de toda a semana para poder abarcar ao maior número de profesionais, garantindo a súa vez o cumprimento de aforo e doutras medidas derivadas da pandemia.
- Habilitar nas entradas principais de todos os hospitais e nalgúns centros de saúde, mesas informativas con folletos, debuxos, petacas de solución hidroalcohólica e outros artigos de promoción da hixiene das mans.
- Nestas mesas, ofertaráselles ás persoas que así o desexen, a posibilidade de co-texar o resultado da súa práctica da hixiene de mans mediante unha lámpada de UV de demostración, comparando o antes e o despois.
- Realizar, nas garderías do Hospital Clínico Universitario de Santiago e do Hospital de Barbanza, diversas actividades lúdicas e musicais relacionadas coa hixiene das mans.





- Desprazárase unha representación do equipo directivo á aula hospitalaria do Hospital Clínico Universitario de Santiago, na que se efectuarán as seguintes actividades:
  - Concurso de debuxos e entrega de premios
  - Xogos sobre a hixiene das mans e os 5 momentos
  - Lectura dun conto

## 2.4 ÁREA SANITARIA DE LUGO, A MARIÑA E MONFORTE DE LEMOS

### Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) e Hospital Comarcal de Monforte de Lemos

- Difusión de información online referente á hixiene das mans, mediante correo electrónico, na web e na intranet.
- Colocación de cartelaría en todos os controis de enfermaría das unidades e servizos.
- O día 5 de maio realizarase a pegada de carteis polas distintas unidades e servizos, na que participan os profesionais referentes da hixiene das mans (enfermeira e auxiliar) do Hospital Universitario Lucus Augusti. Estes profesionais encárganse de elaborar pílulas informativas que imparten ao longo de todo o ano. Ademais, participan nas observacións / auditorías de hixiene das mans de Medicina Preventiva, aínda que esta actividade se reduciu como consecuencia da pandemia.
- Premiarase a aquela unidade de hospitalización que mellores resultados obteña nunha auditoría observacional que se realizará a primeira hora da mañá do día 5 de maio.

O xerente entregará o premio en ámbolos dous hospitais, en presenza do equipo directivo implicado nas tarefas asistenciais e de calidade. O retrato dese momento distribuirase nas redes sociais internas e externas do hospital en apoio da conmemoración deste día.



## Hospital Pública da Mariña

### Información para os traballadores do centro

Remitiráselles:

- Un correo electrónico nos días previos ó 5 de maio, informándolles sobre as actividades programadas, ademais de enviarlles un tríptico e un póster da xornada.
- O Boletín de Hixiene das Mans, no seu número 2, que incluírá información detallada sobre a hixiene das mans, así como das actividades realizadas neste hospital ao longo do ano 2020.
- Un correo electrónico, o día 5 de maio, con noticias de interese sobre a hixiene das mans.
- Un correo electrónico, desde a dirección do hospital, no que se lles informará sobre as actividades programadas, animándoos a participar nelas.

Ademais, neste centro:

- Instalaranse mesas informativas á entrada do hospital.
- Informarase as traballadores do hospital sobre a hixiene das mans, participando os membros do Grupo de Hixiene das Mans.
- Informarase ás persoas que visiten aos pacientes, participando os alumnos en prácticas de TER, TEL, TE Anatomía Patolóxica.
- Distribuiranse solucións de base alcohólica en formato de bolso.
- Repartirase nas mesas informativas, material de promoción da hixiene das mans nas mesas.
- Por parte de membros do Grupo de Hixiene das Mans, na semana do 3 ao 7 de maio, realizarase unha enquisa aos traballadores sanitarios sobre se os pacientes e os seus familiares lles recordan a necesidade de que realizan a hixiene das mans previa á asistencia.





- Realizarase o 5 de maio, unha enquisa por parte dos alumnos en prácticas entre os pacientes e familiares sobre o seu coñecemento da importancia da hixiene das mans e se estarían dispostos a recordar a súa realización ao persoal sanitario.
- Elaborarase un mural de gran tamaño coa pegada de mans de traballadores do hospital, para que quede colocado de xeito permanente á entrada do hospital.
- Distribuiranse pósters sobre a hixiene das mans pola plantas de hospitalización.

## 2.5 ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS

- Difusión por medio de correo electrónico do Xerente da área sanitaria / Servizo de Medicina Preventiva a cada usuario recordando a importancia da hixiene das mans.
- Inserción nos equipos informáticos dun fondo de pantalla co cartel conmemorativo do Día Mundial.
- Difusión de información relacionada coa hixiene das mans nas pantallas dos hospitais así como nas instalacións de Expourense (quenda, entrada...)
- Organización de sesións formativas de hixiene das mans dirixidas aos profesionais, das que 3 se realización en quenda de mañá e 1 na da tarde. Acreditaráselles co mérito nos seus FIDES.
- Colocación dun cartel nos vestiarios e lugares de traballo, lembrando a importancia de non usar xoias, unllas sen pintar...
- Organización o concurso “propón o teu slogan de hixiene de mans”, establecendo o gañador como o slogan da área sanitaria para todo o ano 2021.
- Realización de actividades manuais relacionadas cos hixiene das mans: deseño dunha man decorada á que se lle poderá engadir unha mensaxe sobre a hixiene de mans.
- Levaranse a cabo actividades infantís, que incluírán a aprendizaxe da hixiene das mans mediante cancións, mentres se grava un vídeo: “Mans Máxicas”







## 2.6 ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E SALNÉS

- Publicación no portal da intranet de pímulas informativas sobre a prevención das infeccións relacionadas coa asistencia sanitaria.
- Organización de mesas informativas nos hospitais, provistas de material divulgativo, incluíndo f. real con cámara escura, coa participación de alumnos de enfermaría e de enfermeiros internos residentes. Distribución de petacas de solución hidroalcohólica.
- Distribución de trípticos informativos para profesionais e cidadáns e carteis de difusión da área sanitaria e do Ministerio de Sanidade.
- Distribución de material gráfico e de petacas de solución hidroalcohólica aos centros de atención primaria.
- Recordatorio gráfico na intranet e pantalla da sesión inicial dos ordenadores dos profesionais.
- Inserir no canal interno das televisións das habitacións dos vídeos sobre a hixiene das mans realizados polo Ministerio de Sanidade e pola OMS.
- Entrevistas en prensa sobre a importancia da hixiene das mans.
- Declaración da Xerencia sobre a importancia da hixiene das mans.

## 2.7 ÁREA SANITARIA DE VIGO

As actividades que se van desenvolver son:

- Envío dun correo electrónico sobre a importancia da hixiene das mans dirixido a todos os profesionais da área sanitaria, lembrando a campaña co cartel/slogan deste ano.
- Publicación dun vídeo onde profesionais da área sanitaria lembran os 5 momentos da hixiene de mans e no que na súa preparación e guión intervén o Servizo de Medicina Preventiva.
- Publicación dunha infografía, reforzando a idea de que unha vez remate a crise sanitaria polo coronavirus, non debemos esquecer a importancia de manter a práctica habitual dunha boa hixiene das mans. Difusión como pantallazo nos PC, pantallas de quenda e carrusel da intranet.





- Elaboración dun vídeo coa participación de diferentes profesionais do Servizo de Radioloxía -TCAE, celador, enfermeira e TSID- sobre accións que requiren realizar a hixiene das mans nas actividades habituais do servizo.
- Elaboración na escola do Hospital Universitario Álvaro Cunqueiro dun mural, coa participación dos nenos ingresados, representando “as mans como barreira fronte aos virus”.
- Proxecto “Hixiene de mans” de Microbioloxía, sendo o seu o obxectivo de describir a cantidade e tipo de unidades formadoras de colonias.
- Gravación dun vídeo por parte da Escola de Enfermaría, dirixido ás escolas, coa canción “o barquiño pequeniño”.
- Na Unidade de Hospitalización de Psiquiatría realizarase unha dinámica de grupo cos pacientes en relación con este tema.
- Realización dun vídeo musical en atención primaria, pintando as mans para representar a transmisión por contacto.

